

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de XUÑO de 2004**

Orde do Día dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro venres, 25 de xuño de 2004, ás DEZAOITO HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 7/04, correspondente á sesión celebrada o 28 de maio.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 7.200 á 9.199.
- 3.- Proposición da Presidencia sobre a corrección de erro material na transcripción da acta do 28 de marzo de 2003.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 4.- Modificación das achegas á FEMP e á FEGAMP.
- 5.- Modificación da cota de socio á FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA.
- 6.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria. Grupo 6º.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

- 7.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Pav. r/ Verís Churio e outros” do Concello de Irixoa, incluída no POS 2004. Código 04.2100.0145.0

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 8.- Aprobación da 1ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que vai contratar esta deputación incluídas no IV Convenio de Cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

Infraestruturas viarias: Vías e Obras provinciais

- 9.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2004-3ª fase.

10.- Desistencia da Deputación Provincial da Coruña no procedemento expropiatorio da E.P.7401 Urdilde a Antequera, E.P. 7401, variante por Quintáns.

11.- Dar conta do decreto 308/2003 do 26 de xuño da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia estrada 0601 de Arzúa á Ponte de S. Xusto por Dombodán (Concello de Arzúa), e adopción do correspondente acordo.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

12.- Proposta de aprobación das actuacións da segunda anualidade (2004) do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

Deporte, Xuventude e Medio Ambiente

13.- Aprobación do convenio de rehabilitación do edificio das instalacións de Protección Civil no Concello de Boqueixón.

14.- Proposta de aprobación da campaña de actuación contra os incendios forestais 2004.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP	
DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP	
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE	
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP	
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP	
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS		BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ		BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o viceinterventor, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dezaioito horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 7/04, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 28 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 7/04, correspondente á sesión celebrada o 28 de maio.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 7.200 Á 9.199.

A Corporación toma coñecemento das resolución ditadas pola Presidencia da nº 7.200 á 9.199.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA TRANSCRICIÓN DA ACTA DO 28 DE MARZO DE 2003.

INTERVENCIONES

Sr. secretario

Aquí procede previamente a ratificación da inclusión na orde do día conforme ao disposto nos artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento orgánico.

Sr. presidente

Non sei se todas as Sras. e Sres. deputados coñecen o contido deste punto. Coñécese?, pois se non, pediríalle ao secretario que explicase un pouco que é, se non se considera oportuno, sometémolo á urxencia.

Sr. secretario

É unicamente un erro en canto ao anexo das obras incluídas nun acordo que despois se publicou correctamente. Se transcribiu un anexo distinto, e o erro foi detectado precisamente por un deputado provincial con ocasión dunhas obras relativas a ese asunto. En definitiva, non ten transcendencia sustantiva.

Ratifícase a urxencia por unanimidade e apróbase o asunto tamén por unanimidade.

ACORDO

Apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Resultando que na transcripción á acta da sesión plenaria do 28 de marzo de 2003, no anexo do punto 19: “Relación de obras incluídas no Plan de estradas provinciais 2003 1ª Fase (obras xa aprobadas e licitadas) e Plan de estradas provinciais 2003, 2ª Fase (obras en fase de aprobación)” produciuse un erro, xa que dito anexo non tiña que ver co asunto que era “Aprobación do desenvolvemento do programa de actuación na rede de estradas provinciais (período 2002-2005) para o ano 2003”.

Vista, polo tanto, a urxencia do asunto; ó abeiro do disposto nos artigos 56.3 e 71.2 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante cos artigos 82.3 e 97.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/2986, do 28 de novembro (ROF), elevo ó Pleno a seguinte proposta de acordo, previa ratificación plenaria da inclusión do asunto na orde do día:

1.-Substituír o anexo ao punto nº 19 da sesión plenaria do 28 de marzo do 2003 pola relación que figura a continuación:

Denominación	Orzamento
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 5602 Negreira á Ponte Nafonso, dende o p.k. 12 até o p.k. 17,5	723.601,07
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 0604 da C-544 a Arzúa por Calvos dende o p.k. 0 até o p.k. 3,3	344.972,41
Ampliación da plataforma e mellora do trazado (Tr. Xubia-Estrada de Castela) na E.P. 5401 Narón ao Val polo Castro, dende o p.k. 0 até o p.k. 2,48	641.420,31

Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 5602 Negreira á Ponte Nafonso, dende o p.k. 0 até o p.k. 6	672.667,99
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 5602 Negreira á Ponte Nafonso, dende o p.k. 6 até o p.k. 12	637.503,28
Ampliación mellora e seguridade vial na travesía de Guisamo e ponte sobre o FFCC na E.P. 0810 Guiliade a Guisamo dende o p.k. 4,5 até o p.k. 5,19	450.759,08
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 2404 A Laracha á Silva por Golmar dende o p.k. 0 até o p.k. 5,9	620.677,87
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 2404 A Laracha á Silva por Golmar dende o p.k. 5,9 até o p.k. 11,85	556.256,34
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 2404 A Laracha á Silva por Golmar dende o p.k. 11,85 até o p.k. 13,71	166.644,41
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 2502 Valdoviño a Cerdido dende o p.k. 3 até o p.k. 9,8	767.246,42
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 2502 Valdoviño a Cerdido dende o p.k. 9,8 até o p.k. 13,8	460.740,67
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 2502 Valdoviño a Cerdido dende o p.k. 13,8 até o p.k. 17,8	865.851,45
Variante na E.P. 1703 Espírito Santo a Fraís, dende o p.k. 1,4 até o p.k. 2,4	264.445,33
Variante na E.P. 8001 Cruces a Penabranca dende o p.k. 0 até o p.k. 0,9	90.151,82
Ensanche e mellora da seguridade vial na E.P. 7801 Cruceiro do Galo á estrada de Santiago aos Ánxeles dende o p.k. 0 até o p.k. 1,1	1.415.784,13
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 4402 da estrada do Baleo a Corvelle a Casanova dende o p.k. 0 até o p.k. 7	1.682.833,89
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 0701 Santiago a Santa Comba dende o p.k. 15 até o p.k. 32	721.214,53
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 2904 Coristanco a Santa Comba	248.931,52
Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 7103 de Laranga a Oliveira por Seráns, dende o p.k. 0 ao p.k. 6,1	817.378,97
T O T A L	12.149.081,49

Sr. Torres Colomer

Co único fin de axilizar o debate deste Pleno e sendo prácticos hai que dicir que o grupo popular desta deputación vai votar a favor de todos os puntos restantes, do 4 até o 14 inclusive, pero gustaríanos no punto 14 que é a proposta de aprobación das brigadas contra incendios, que na última comisión o Sr. presidente desa Comisión quedou de falar coa Consellaría de Medio Ambiente, concretamente coa delegada de Medio Ambiente ou coa persoa que fose, para aclarar un tema sobre unha posíbel segunda brigada nalgúns concellos, entón gustaríanos, independentemente de que imos votar a favor desa primeira cuadrilla, que nos informase vostede ou o presidente da Comisión sobre ese tema. Moitas grazas.

Sr. Quintáns Paredes

Efectivamente, eu soliciteille unha entrevista que tivemos esta mañá ás nove da mañá e a verdade é que non me soubo aclarar moito a que se debe esa diferenza de que haxa dúas brigadas nalgúns concellos e noutros unha soa e concretamente referinme ao Concello de Carballo que tiña un GMIR e dúas brigadas contraincendios e dixo que, efectivamente, como tiña un GMIR que se lle eliminase unha das cuadrillas, con todo, eu argumenteille que noutros concellos, como en Noia, que tamén teñen GMIR se seguen mantendo as dúas brigadas contra incendios. Expliqueille que dentro das prioritarias e do proxecto da Xunta de reforzo hai unha serie de zonas que están consideradas máis perigosas, pero non hai esa segunda cuadrilla, e noutros casos hai moitos concellos que non teñen nin a primeira brigada. Ela dixo que viña así a proposta da Dirección Xeral e que non tiña máis coñecemento. Polo tanto, pedireille unha entrevista á Dirección Xeral e miraremos se hai algunha posibilidade, se non, en principio aprobamos isto e despois xa veremos que se fai con esoutros concellos.

Sr. Torres Colomer

O que pasa é que, ao mellor, entendo que, se algúns concellos non teñen ofertada ou indicada pola Consellaría de Medio Ambiente unha segunda brigada, é que ao mellor non o solicitaron, os que o solicitamos, e digo solicitamos porque o Concello de Ribeira foi un dos que solicitou a súa cuadrilla, entón ás veces é necesario, non só polo traballo interno dese concello, senón a colaboración e apoio ao resto das zonas, como pode ser ao mellor a de Noia, para apoiar a zona de Lousame que é unha zona en riqueza forestal moi importante. Eu agradézolle ao Sr. presidente da Comisión, neste caso, que faga as xestións oportunas e que fale co director xeral, porque hai concellos que necesitan esa segunda brigada e, sobre todo, pensando neste verán quente que nos vai vir.

Polo tanto, eu penso que é importante e coido que debemos deixar as ideoloxías políticas dos concellos que o soliciten fóra, porque considero que a nosa riqueza forestal está á marxe de todo iso. Moitas grazas, Sr. presidente, e como comecei, imos votar a favor todos estes puntos, inclusive o 14. Moitas grazas.

4.- MODIFICACIÓN DAS ACHEGAS Á FEMP E Á FEGAMP.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a modificación dos importes das subvencións nominativas concedidas á Femp (Federación Española de Municipios e Provincias) e á Fegamp (Federación Galega de Municipios e Provincias), incluídas na Base 47 das de execución do presuposto 2004, en concepto de cotas de socio, por ser insuficiente a consignación prevista nel. A modificación queda expresada nos termos seguintes:

PREVISIÓN INICIAL:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
0201/121A/489.02	FEMP	Cotas socio	55.400,00€
201/121A/489.03	FEGAMP	“ “	46.700,00€

MODIFICACIÓN:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
0201/121A/489.02	FEMP	Cotas socio	56.625,76€
0201/121A/489.03	FEGAMP	“ “	46.777,89€

2º.- Atribuírle ao Sr. Presidente a competencia para aprobar as actualizacións das cotas da FEMP e a FEGAMP que sexan consecuencia das modificacións que se produzan pola variación ou actualización dos seus factores de cálculo.”

5.- MODIFICACIÓN DA COTA DE SOCIO Á FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a modificación da cota da subvención nominativa concedida á Fundación Galicia-Europa, incluída na Base 47 de execución do presuposto 2004, en concepto de cota de socio, por ser insuficiente a consignación prevista nel. A modificación queda expresada nos termos seguintes:

PREVISIÓN INICIAL:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
0601/451L/489.99	Fund.Galicia-Europa	Cota socio	24.040,00€

MODIFICACIÓN:

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	BENEFICIARIO	OBJECTO E FINALIDADE	
IMPORTE			
0601/451L/489.99	Fund.Galicia-Europa	Cota socio	24.521,29€

2º.- Atribuírle ao Sr. Presidente a competencia para aprobar as actualizacións das cotas da Fundación Galicia-Europa que sexan consecuencia das modificacións producidas pola variación ou actualización dos factores de cálculo.”

6.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA. GRUPO 6º.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Paderne en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa por subministro de auga potábel.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co disposto no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

7.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PAV. R/ VERÍS CHURIO E OUTROS” DO CONCELLO DE IRIXOA, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0145.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto modificado da obra “Pav. rúas en Verís, Churío e outros...” do Concello de Irixoa incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (código: 04.2100.0145.0) cun orzamento de contrata de 47.451,77 € que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade da obra pero modifica parcialmente o obxecto desta polo cambio dun camiño por outro.

Código	Concello	Denominación	Deputación	Deputación	Estado	Concello.	Orzamento
---------------	-----------------	---------------------	-------------------	-------------------	---------------	------------------	------------------

			F. Propios	Préstamo			Total
04.2100.0145.0	Irixoa	Pav. rúas en Verís, Churío e outros ...	20.480,22	17.334,08	6.918,47	2.719	47.451,77

8.- APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR ESTA DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos técnicos e demais documentación das obras que figuran no anexo a este acordo, das previstas na Primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006, para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP nº 277, con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 1ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúen as obras e demais gastos que leva a súa execución que figuran no [anexo](#) a este acordo.

O resumo do financiamento desta 1ª fase da anualidade 2004 é o seguinte:

	2.004	2.005	TOTAL
DEPUTACIÓN	397.405,33	537.304,82	934.710,15
CONCELLOS	207.349,18	99.166,99	306.516,17
TOTAL	604.754,51	636.471,81	1.241.226,32

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos das obras.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe, e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non

se presentaren alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobada esta fase”.

ANEXO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLUÍDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS						
Código	Concello/Denominación/Módulos	Presuposto total		2003	2004	2005
04-7450.0006.0	CAMBRE	Deputación	402.678,11	0,00	161.071,24	241.606,87
		Achega concello	198.333,99	0,00	99.167,00	99.166,99
	CAMP DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA	Total	601.012,10	0,00	260.238,24	340.773,86
04-7450.0006.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	6.010,12	0,00	6.010,12	0,00
04-7450.0006.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	13.590,94	0,00	13.590,94	0,00
		Total concello	620.613,16	0,00	279.839,30	340.773,86
04-7450.0021.0	SOBRADO	Deputación	492.829,92	0,00	197.131,97	295.697,95
		Achega concello	108.182,18	0,00	108.182,18	0,00
	CAMP DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA	Total	601.012,10	0,00	305.314,15	295.697,95
04-7450.0021.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	6.010,12	0,00	6.010,12	0,00
04-7450.0021.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	13.590,94	0,00	13.590,94	0,00
		Total concello	620.613,16	0,00	324.915,21	295.697,95
		Deputación	934.710,15	0,00	397.405,33	537.304,82
	RESUMO DA 1ª FASE DA	Achega concello	306.516,17	0,00	207.349,18	99.166,99
	ANUALIDADE 2004	TOTAL	1.241.226,32	0,00	604.754,51	636.471,81

9.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004-3ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de vías provinciais 2004, 3ª fase, integrado polos proxectos que de seguido se relacionan e considerar os proxectos incluídos nestes, cun orzamento total de 1.184.720,22.- euros, con cargo á partida 0401/511B/60103:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
04.1110.0009.0	E.P. 4304 DE CERQUEDA Á ESTRADA BUÑO-LAXE (Ensanche e mellora P.K. 0+000 ao P.K. 2.500) (MALPICA)	210.000,00
04.1110.0010.0	REFORZO DO FIRME DA E.P. 1902 CARBALLO A RAZO (CARBALLO)	442.133,12
04.1110.0011.0	REFORZO DO FIRME NA E.P. 0701 SANTIAGO A SANTA COMBA P.K. 3+300 AO P.K. 5+820 (SANTIAGO)	217.242,93
04.1110.0012.0	E.P. 9202 PONTE DO PORTO A CARNES (Reforzo do firme) (VIMIANZO-CAMARIÑAS)	129.710,41
04.1110.0013.0	AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7901 DE CHOREN AO LUGAR DA CRUZ (SANTISO)	185.633,76
TOTAL.....		1.184.720,22

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

10.- DESISTENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NO PROCEDIMENTO EXPROPIATORIO DA E.P.7401 URDILDE A ANTEQUEIRA, E.P. 7401, VARIANTE POR QUINTÁNS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a desistencia da Deputación Provincial da Coruña no procedemento expropiatorio da estrada URDILDE A ANTEQUEIRA E.P. 7401, VARIANTE POR QUINTÁNS (cuxa urxente expropiación se acordou mediante decreto da Xunta de Galicia nº 89 do 29 de abril de 2004)

2.- Comunicarlle á Xunta de Galicia e a todos os interesados o presente acordo.

3.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de desistencia.”

11.- DAR CONTA DO DECRETO 308/2003 DO 26 DE XUÑO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE

GALICIA ESTRADA 0601 DE ARZÚA Á PONTE DE S. XUSTO POR DOMBODÁN (CONCELLO DE ARZÚA), E ADOPCIÓN DO CORRESPONDENTE ACORDO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A Comisión queda informada do decreto 308/2003 do 26 de xuño da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, e acorda requirirlle á Xunta de Galicia para que dea cumprimento da Lei 4/94 do 14 de setembro de estradas de Galicia e retrotraia o expediente dado que incluíu na rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma a AC 905 Vila de Cruces-límite provincial Arzúa (rede primaria complementaria) que, na súa maior parte, se apoia na E.P. 0601 de Arzúa á Ponte de San Xusto por Dombodán, sen que a deputación instase o acordo previo. “

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA SEGUNDA ANUALIDADE (2004) DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar as actuacións da segunda anualidade (2004) do Plan de dinamización turística da Costa da Morte instrumentado a través do convenio administrativo asinado entre a Secretaría Xeral de Turismo do Ministerio de Economía, a Secretaría Xeral de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Deputación Provincial da Coruña, a Asociación de Empresarios de Hostelería da Coruña e a Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte, adecuándoas á relación aprobada pola Comisión de Seguimento do Plan na sesión de 26.05.2004.

2.-A relación das actuacións é a seguinte:

PROXECTOS APROBADOS	CARGO 2004	CARGO 2005
Xerencia	40.112,84	31.137,16
Praias quilométricas		60.000
Páxina Web		25.000
Plan de calidade		23.000
Banco de imaxes	10.000	
Concurso de fotografía	5.000	
Guía de servizos turísticos	20.000	
Folletería produtos	10.000	

Promoción lototipo do plan xornada de concienciación	4.000	
Promoción	6.000	
Oficinas de turismo		
Proxecto	18.000	
Execución		166.500
Sinalización (estudo)	25.000	
Stand/espazo expositivo		18.000
Análise produto marítimo	10.000	
Rectoral de Golmar/Laracha		
Proxecto	18.000	
Execución	58.887,16	35.112,84
Ruta dos Faros	90.000	
Ruta fin do camiño		
Estudo	12.000	
Execución		60.000
Iluminación monumentos		
Proxecto	5.000	
Execución	142.500	
Asistencia a produto temático	12.000	
Museo do Mar/Laxe	112.000	
Rutas Monte Pindo/Fervenzas do Xallas		
Estudo	15.000	
Execución		45.000
Centro de interpretación Monte Pindo	12.000	
Rehabilitación Muíños de Ardeleiro	34.210	
TOTAL EUROS	659.710	463.750

3.-A cantidade imputada ao plan na presente asignación ascende a **1.123.460€**. Da cantidade citada **619.597,16 €** serán financiados con cargo ao dispoñíbel da partida 0305/751A/629.99 cód. 2003P0008 a día da data, os **463.750 €** restantes son imputados ao presuposto da Deputación do ano 2005, e para tal efecto deberá incorporarse unha previsión na partida correspondente no citado exercicio. A cantidade imputada á anualidade 2004 no acordo plenario da Deputación de 26.03.2004 no que se aprobou a primeira anualidade do plano ascendeu a **430.000 €**. Polo tanto a cantidade total imputada nas dúas asignacións ao presuposto 2004 ascende a **1.089.804,84 €** e as súas achegas quedan establecidas na forma seguinte:

Achega Deputación Provincial

533.000,00 euros

Achega Ministerio de Economía	243.210,00 euros
Achega Consellaría Cultura, Comunicación Social e Turismo	313.500,00 euros
Total	1.089.710,00 euros

4.-Aprobar as seguintes actuación que se van executar con cargo ás baixas das licitacións das actuacións das anualidades 2003 e 2004 de acordo co acordado na sesión ordinaria celebrada pola Comisión de seguimento do plan na sesión do 26 de maio de 2004.

2003: Forno do Forte de Buño, Malpica
2004: Praias quilométricas

A achega provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida presupostaria **0305/751A/629.99 cód. 2003P0008.**”

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que ha subscribir a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón para rehabilitar o edificio municipal sede de Protección Civil.

2.-A achega provincial prevista no convenio ascende a un máximo de 70.724,89 euros.

3.-A achega farase efectiva, logo da aprobación previa da certificación presentada, e con cargo á partida presupostaria 0305/223A/762.99.

4.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

5.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil catro.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. Adolfo Gacio Vázquez, como alcalde-presidente do concello de Boqueixón.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón consideran de mutuo interese o obxectivo de executar a rehabilitación do edificio sede de Protección Civil do concello.

2.- Que a Deputación da Coruña ten atribuída legalmente a competencia de cooperar cos concellos da provincia no sostemento dos servizos de competencia municipal, entre eles o de Protección Civil, e que o Concello de Boqueixón ten operativo un Grupo Municipal de Intervención Rápida (GMIR).

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Boqueixón, as dúas partes acordan subscribir un convenio de acordo ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. OBXECTO:

O Concello de Boqueixón é un dos dezaseis da provincia que conta cun Grupo Municipal de Intervención Rápida, operativo desde o ano 1997. As dúas administracións asinantes conveñen a realización dos trámites precisos para rehabilitar o edificio no que se sitúan os servizos municipais do Grupo Municipal de Intervención Rápida (GMIR) e da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Boqueixón.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO:

A Deputación da Coruña financiará o proxecto cunha achega de 70.724,89 euros co obxectivo de cubrir o custo derivado da execución do proxecto "Rehabilitación do edificio de Protección Civil do Concello de Boqueixón" cantidade á que ascende a segunda e última certificación de acordo co proxecto aprobado e o prego de condicións autorizado pola Deputación provincial para as obras polo sistema de poxa.

TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación con este será competencia da xurisdición contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que aparezan na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 13/95 do 18 de maio de contratos das administracións públicas.

CUARTA. COMISIÓN MIXTA

Co fin de coordinar as actuacións que se derivan do presente convenio establececerase unha Comisión Mixta que estará composta por dous representantes de cada entidade nomeados polo presidente da Corporación.

QUINTA. VIXENCIA

O presente convenio rematará a súa vixencia co cumprimento do obxecto previsto nel, e, en todo caso o día 30 de novembro de 2004.

En proba de conformidade as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no seu encabezamento.

SEXTA. NATUREZA E LEXISLACIÓN COMPETENTE:

O presente convenio ten natureza administrativa e as resolucións ou acordos que se adopten porán fin á vía administrativa e, xa que logo, contra elas só cabe recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa.

Correspóndelle ao Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente Convenio, oída a Comisión Mixta.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do presente convenio, aplicaranse supletoriamente a Lei 13/95 de contratos das administracións públicas.”

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CAMPAÑA DE ACTUACIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS 2004.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o modelo de convenio de colaboración Deputación Provincial da Coruña e concellos da provincia que asinen convenio coa Consellaría de Medio Ambiente para a Campaña de actuación contra os incendios forestais.

2º) Incluír na citada Campaña aos concellos que se relacionan, atendendo á relación da Consellaría de Medio Ambiente, e proponendo a aprobación dunha brigada por concello.

3º) Aprobar a achega da Deputación polo importe de 3.010 € por brigada e mes sendo un total de 79 brigadas, segundo se relacionan de seguido cunha duración de 2 meses e 2,5 meses, supoñendo un total que ascende a 594.475,- euros

CONCELLO	BRIGADAS	MESES	TOTAL
AMES	1	2,5	7.525
ARANGA	1	2,5	7.525
ARTEIXO	1	2,5	7.525
ARES	1	2,5	7.525
ARZÚA	1	2,5	7.525
A BAÑA	1	2,5	7.525
BERGONDO	1	2,5	7.525
BOIMORTO	1	2,5	7.525
BOIRO	1	2,5	7.525
BOQUEIXÓN	1	2,5	7.525
BRIÓN	1	2,5	7.525
CABANA	1	2,5	7.525
CAMARIÑAS	1	2,5	7.525
CAMBRE	1	2,5	7.525
CARBALLO	1	2,5	7.525
CARNOTA	1	2,5	7.525
CEDEIRA	1	2,5	7.525
CEE	1	2,5	7.525
CERCEDA	1	2,5	7.525
CERDIDO	1	2,5	7.525
CESURAS	1	2,5	7.525

COIRÓS	1	2,5	7.525
CORISTANCO	1	2,5	7.525
CULLEREDO	1	2,5	7.525
CURTIS	1	2,5	7.525
DUMBRÍA	1	2,5	7.525
FENE	1	2,5	7.525
FRADES	1	2,5	7.525
IRIXOA	1	2,5	7.525
A LARACHA	1	2,5	7.525
LOUSAME	1	2,5	7.525
MALPICA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	7.525
MAÑÓN	1	2,5	7.525
MAZARICOS	1	2,5	7.525
MELIDE	1	2,5	7.525
MESÍA	1	2,5	7.525
MIÑO	1	2,5	7.525
MUGARDOS	1	2,5	7.525
MUXÍA	1	2,5	7.525
MUROS	1	2,5	7.525
NARÓN	1	2,5	7.525
NEGREIRA	1	2,5	7.525
NOIA	1	2,5	7.525
ORDES	1	2,5	7.525
ORTIGUEIRA	1	2,5	7.525
OUTES	1	2,5	7.525
OZA DOS RÍOS	1	2,5	7.525
PADERNE	1	2,5	7.525
PADRÓN	1	2,5	7.525
O PINO	1	2,5	7.525
POBRA DO CARAMIÑAL	1	2,5	7.525
PONTECESO	1	2,5	7.525
AS PONTES	1	2,5	7.525
PORTO DO SON	1	2,5	7.525
RIANXO	1	2,5	7.525
RIBEIRA	1	2,5	7.525
ROIS	1	2,5	7.525
SADA	1	2,5	7.525

SAN SADURNIÑO	1	2,5	7.525
SANTA COMBA	1	2,5	7.525
SOBRADO	1	2,5	7.525
TEO	1	2,5	7.525
TOQUES	1	2,5	7.525
TORDOIA	1	2,5	7.525
TOURO	1	2,5	7.525
TRAZO	1	2,5	7.525
VALDOVIÑO	1	2,5	7.525
VAL DO DUBRA	1	2,5	7.525
VEDRA	1	2,5	7.525
VILASANTAR	1	2,5	7.525
VILARMAIOR	1	2,5	7.525
ZAS	1	2,5	7.525
OROSO	1	2,5	7.525
CARRAL	1	2,5	7.525
ABEGONDO	1	2,5	7.525
CORCUBIÓN	1	2,5	7.525
SANTISO	1	2,5	7.525
FISTERRA	1	2,5	7.525
DODRO	1	2,5	7.525
TOTAIS	79		594.475

4º) O órgano competente para a aprobación dos convenios é o Pleno da Corporación

5º) Facultar á Presidencia para introducir na relación anterior as modificacións que se deriven dos acordos coa Consellaría de Medio Ambiente e os concellos da provincia.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA E O CONCELLO DE PARA A CAMPAÑA DE ACTUACIÓN
CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.**

A Coruña,

de dous mil catro.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, asistido polo secretario da Corporación.

Doutra parte D.

MANIFESTAN

Que ambos teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no seu presuposto, e de conformidade coas competencias asignadas ás deputacións provinciais nos artigos 31 e 36 da Lei 7/85 de bases de réxime local e no artigo 23 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Que o obxecto do convenio é coordinar os esforzos na loita contra os incendios forestais na provincia da Coruña e conseguir, desta maneira, erradicar o impacto negativo que supoñen tanto na nosa economía provincial, como no medio natural.

O presente convenio artículase na líña de continuidade coas actuacións que vén realizando a Deputación, e máis concretamente, coas axudas concedidas aos concellos da provincia dende 1997.

Polo exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS :

1º.- O ámbito deste convenio abrangue, exclusivamente, a provincia da Coruña.

2ª.- O Concello de _____ ten creadas Brigadas de Extinción, segundo o convenio asinado coa Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, que actuará durante _____ meses na loita contra os incendios forestais.

3ª.- Cada Brigada de Extinción está composta por un mínimo de cinco membros a disposición do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais (SDCIF), sendo a súa contratación, operatividade e responsabilidade de contratación do propio concello,

segundo as cláusulas establecidas no convenio asinado coa Consellaría de Medio Ambiente.

4ª.- A Deputación da Coruña, mantendo a súa tradición de colaboración na loita contra os incendios forestais, participará mediante o aboamento dunha subvención, por un importe que ascende a 3.010 €. por brigada e mes destinadas a financiar todos os gastos de mantemento da brigada como os de nóminas de persoal, material funxíbel, pequeno equipamento - sempre que non sexan de investimento no inmovilizado material - etc., a achega da deputación acumulada coa da Consellaría de Medio Ambiente, non poderá superar o gasto efectivamente realizado. Para tal efecto, se non se consegue xustificar os gastos polo importe da suma de ambas as dúas achegas, minorarase a subvención concedida de acordo co importe xustificado.

5ª.- A forma de pagamento realizarase do seguinte xeito:

Anticipo prepagábel coa condición de "por xustificar" do 50 %, unha vez realizada a sinatura do presente convenio.

Para o aboamento de anticipo do 50 %, é necesario ter xustificadas os gastos realizados no exercicio 2003.

O 50 % restante, despois da certificación dos pagamentos realizados, polo órgano municipal competente.

6ª.- A última certificación do pagamento deberá ter entrada no Rexistro Xeral da Deputación durante o primeiro semestre do ano 2005.

7ª.- Para o pagamento das certificacións, o concello deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (artº. 170.2 da Lei 39/1988, reguladoras das facendas locais) situación que determinará de oficio a propia Deputación.

8ª.- O xustificante de pagamento da última certificación deberá acompañar a certificación da Consellaría de Medio Ambiente de que se cumpriron as esixencias do convenio.

Así mesmo deberá presentar certificación de non ter percibido para a mesma finalidade outras subvencións públicas ou privadas, e no caso contrario a axuda de todas elas non poderá superar o 100 % do gasto efectivamente realizado.

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste, e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas.

9ª.- No caso de resolución do convenio coa Consellaría de Medio Ambiente, terá como consecuencia inmediata a rescisión do convenio coa Excma. Deputación, debendo devolverlle ao concello a deputación as cantidades aboadas en concepto de anticipo prepagábel, cos xuros de mora xerados, autorizándose á Deputación Provincial para utilizar para tal efecto a compensación de tales débitos co concello.

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten poñerán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Para a resolución de calquera dúbida o incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Sendo de conformidade o establecido no presente convenio asíñase no lugar e data indicados. “

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. presidente

Hai dúas mocións presentadas, e hai outra máis que presenta a Presidencia ao Pleno da Corporación, que penso que os grupos xa teñen información desta moción. Sometemos entón o debate das mocións pola orde en que se presentaron, deixando esta para o final porque se presentou hoxe.

Sr. secretario

A primeira por orde de entrada é unha moción do grupo provincial popular que se refire a que se atenda a solicitude do sindicato “Xóvenes Agricultores”.

Sr. López Crespo

Nós presentabamos esta moción porque como di a moción, o 26 de marzo o goberno da deputación presentou unha modificación de créditos para dar unha subvención global de 300.000 euros, repartida en 150.000, a cada un dos sindicatos “Comisións Labregas” e “Unións Agrarias”, e nós dicíamos que había outro sindicato, que era

“Xóvenes Agricultores” e que nos parecía que debían de participar desas subvención para a mesma finalidade, divulgación de cambio das políticas agrarias europeas.

Nalgún momento membros deste grupo provincial popular puxéronse de acordo con algúns responsábeis da área do goberno da deputación e dicíase que se ía mirar, pero máis tarde parece que se contestou que non, porque podía haber un desvío do reparto de subvencións doutros organismos ou institucións a favor de “Xóvenes Agricultores”; temos que dicir que se iso é así e ten coñecemento o goberno da deputación, que nos parece marabillioso que reconduza o criterio, se iso é así, é dicir, que coñece desvíos de subvencións oficiais de organismos ao sindicato “Xóvenes Agricultores”, pero se non é así, que reconduza o criterio de distribución. Nós para axudar, no que nós coñecemos, imos informar a este Pleno das subvencións que recibiu “Xóvenes Agricultores”, e os outros sindicatos “Comisións Labregas “ e “UXT” nos últimos cinco anos, esta é a información que nós temos, repito, se hai outra que desvirtúe esta, reitero que vostedes están habilitados, como non podía ser doutra maneira, para reconducir o reparto.

No ano 2000, “Xóvenes Agricultores” recibe 113.000 euros, “Unións Agrarias” 48.000 e o “Sindicato Labrego Galego”, 41.000. No ano 2001, reciben respectivamente, “Xóvenes Agricultores”, 74.000, “Unións Agrarias”, 32.000 e o “Sindicato Labrego Galego”, 25.000. No ano 2002, 2003 e 2004, reciben “Xóvenes Agricultores”, 73.623, o que representa o 49%; “Unións Agrarias”, o 42.070, o que representa o 28%, e o “Sindicato Labrego Galego” 34.558, o que representa o 23%. Insístese, recálcase, que nos últimos tres anos, 2002, 2003 e 2004, coinciden estes criterios de reparto cos votos conseguidos nas eleccións a cámaras agrarias, é dicir, que o criterio está obxectivado polos resultados desas eleccións.

Respecto ás subvencións que reciben nos proxectos de formación, no denominado Proxecto FIG, reciben os tres sindicatos o mesmo: en 2002, 2003 e 2001, é dicir, o mesmo en cada ano. “Xóvenes Agricultores” recibe 12.628.528 pesetas, en 2003; 11.142.420, en 2002 e 24.420.161 en 2001. Esta cantidade é igual para “Xóvenes Agricultores”, para “Unións Agrarias” e para o “Sindicato Labrego Galego”.

De acordo con esta información que nós temos aquí, reiteramos, non coñecemos outra, non coñecemos outros financiamentos de institucións, se os hai e os coñecen, reiteramos o dereito que ten este goberno provincial a equilibrar o criterio. Se non se coñecen, pedimos encarecidamente que se reconduza o criterio e que a “Xóvenes Agricultores” se lle dea o mesmo trato que aos outros sindicatos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. López Crespo, Sr. Lagares, lémbrolles que non estamos no debate da moción, estamos no debate da urxencia da moción.

Sr. Lagares Pérez

Evidentemente sei que estamos na quenda de declarar de urxencia a moción que presenta o grupo provincial do Partido Popular na voz do Sr. López Crespo.

Efectivamente, o pasado 26 de maio, como se di, aprobáronse unhas contías, unhas economías orzamentarias para dous sindicatos agrarios, ao día seguinte outro sindicato agrario mete por Rexistro un pedimento, e o equipo de goberno, unha vez feitos os estudos correspondentes detecta que hai distintos desvíos orzamentarios, distintos desvíos de cara a outras institucións.

Como non imos entrar no debate disto, a este equipo de goberno parécelle ilóxico declarar urxente esta moción e, xa que logo, non a imos declarar urxente. Agora ben, no seu momento explicárase cales son eses desvíos orzamentarios con datos concretos e fiábeis que constan no noso poder de modo comparativo entre os distintos sindicatos agrarios de implantación, non só na provincia da Coruña senón na comunidade galega, polo tanto o noso voto vai ser de rexeitar a urxencia desta moción.

Sr. Torres Colomer

Pediría unha explicación técnica, neste caso, se a moción se presenta imos supor, hai 15 días, antes do Pleno, se hai que votar igualmente a urxencia, non é o caso que non hai 15 días, ou simplemente esa moción entra para o seu debate no Pleno.

Sr. secretario

Simplemente é un asunto que non está incluído na orde do día, polo tanto, conforme co sinalado polo Regulamento e tamén pola lei, serán nulos todos os acordos que se adopten en sesión extraordinaria fóra da orde do día, ou en sesión ordinaria se non hai a declaración previa de urxencia por maioría absoluta, é dicir, isto é unha moción que en principio non está incluída na orde do día e, polo tanto, rexe aquí o artigo 71 do Regulamento orgánico que recolle tamén o que di o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, no sentido de que moción é a proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno, ao abeiro do establecido no artigo 65.4 que dispón a declaración de urxencia mediante maioría absoluta deste regulamento. Poderanse formular por escrito ou oralmente, e entregárase con anterioridade aos grupos políticos, etc, etc.

Sr. presidente

Neste caso ten razón vostede, porque esta moción debería estar incluída na orde do día porque se presentou coa antelación suficiente para que se incluíse, e o responsábel son eu porque asino a orde do día, pensei que estaba incluída na orde do día, preguntei se había que someter a votación a urxencia, dixéronme que si, por iso dixen que había que votar a urxencia. Entón, rectifico, non sei se agora procede facelo ou non, pero en calquera caso se se presentou con antelación suficiente si tería que estar incluída na orde do día, ben, a decisión do presidente é non furtar ningún debate, e a decisión do goberno é non furtar ningún debate, e se isto se presenta con antelación suficiente, preséntase na orde do día e débátese, e non hai ningún problema, cada un ten a súa opinión, expona libremente, vótase e punto. Nese caso é vontade do equipo de goberno e do presidente, como foi sempre nesta deputación, que cando unha moción se presenta coa antelación suficiente, se incorpore á orde do día. Neste caso, pido desculpas, tería que terse incorporado, non se incorporou, é certo, ben, agora non sei neste caso se vale unha interpretación do presidente, ou como non está incorporada pois hai que votar a urxencia. Hai que votar a urxencia, pois síntoo e pídolles desculpas, pero en calquera caso o sentido do voto sería o mesmo.

Sr. Torres Colomer

Insisto en que entendo que tanto esta moción como a seguinte debían de estar incluídas na orde do día, porque se presentaron en tempo e forma, e eu penso que a votación non é a mesma, o da urxencia que a votación do contido da propia moción; non se vota a urxencia, pois ben, non se debate, pero considero que o contido que se vote a favor, ou en contra, ou que se absteña calquera grupo, eu coído que ten un significado, polo tanto, non sei se hai algunha interpretación para corrixir este defecto, se non, acataremos o que decida a Presidencia, por suposto, pero a min paréceme que o correcto sería debater esta moción e votar o seu contido, tanto desta como da seguinte.

Moitas grazas e xa non interveño máis.

Sr. presidente

No afán que ten este goberno de transparencia, de claridade e de non furtar ningún debate, eu propoño ao Pleno que se vote a urxencia favorabelmente, que se dea a oportunidade de se se quere defender e que se defenda, que non hai ningún problema, e é unha forma de corrixir un erro que persoalmente asumo eu por non poñelo na orde do día. Polo tanto, sometemos á votación, e rógolle ao grupo de goberno que voten a favor para corrixir algo que deberíamos de ter corrixido na orde do día e non furtar ningún debate.

Sométese a urxencia á votación e apróbase por unanimidade, a continuación débátese a moción.

Sr. López Crespo

Isto da orde é unha cousa terríbel, pero cando as persoas teñen bo talante resólvese desta maneira.

Só ler que por mor daquela Modificación de crédito do 26 de marzo onde se establecían 300.000 euros de subvención, repartidos 150.000 a partes iguais entre “Unións Agrarias” e “Comisións Labregas”, nós consideramos, despois da exposición que fixemos do reparto que nós coñecemos das subvencións por parte da Xunta de Galicia aos tres sindicatos, os mencionados “Comisións” e “Unións Agrarias” e “Xóvenes Agricultores”, coñecendo ese reparto, que nos parece equitativo, pedimos que como queira que este grupo ten coñecemento da elaboración do Expediente de modificación de crédito 2/04, solicita que se inclúa e se atenda a solicitude do sindicato “Xóvenes Agricultores”. Reiteramos que se o goberno da deputación coñece distintas subvencións das que se beneficia claramente un sindicato, pode e mesmo debe corrixir co seu criterio o reparto; se non o coñece, ou se é dubidoso, ou se non é seguro, ou se é de algo relacionado con el, pero que non ten que ver xuridicamente con el, pedímoslle que reconduza o reparto. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Os datos que ten este equipo de goberno, efectivamente, dannos uns desvíos orzamentarios moi concretos de cara e a favor de “Xóvenes Agricultores”, concretamente en distintas partidas que teño aquí recollidas, que é unha información que pedín, desde o ano 1997 até o ano 2001 nalgún caso, e noutros casos até o ano 2003, aproximadamente nunha proporción, segundo estes datos que me pasan, por exemplo, comparativamente con “Unións Agrarias”, de 14 ou 15 a 1. Concretamente, “Xóvenes Agricultores”, segundo esta achega documental que eu teño aquí, que non teño inconveniente ao remate da sesión en facerlla chegar ao grupo popular, de a cotexar no seu momento, temos por Consellarías de Medio Ambiente, Xustiza, Político Agroalimentaria, Educación e Economía, Política Territorial e Familia, cunha cantidade de algo máis de 15 millóns de euros, mentres que, por exemplo, o sindicato “Unións Agrarias” recibe por Medio Ambiente, Política Agroalimentaria e Familia, un total de 1.500.000 euros, ou sexa, a proporción considerámola netamente elevada, de todas formas contrastaremos clara e limpamente, dado que temos que facelo tamén cun sindicato que non está aquí reflectido, e mentres tanto, o noso voto, lamentablemente, vai ser de tipo negativo.

Sr. López Crespo

Con que o estuden é suficiente...

Sra. Cea Vázquez

Nós simplemente queríamos engadir unhas palabras máis ao que remata de dicir o Sr. Lagares, e nós o que queríamos dicir é que se está a falar na moción do Partido Popular de subvencións, e nós queremos aclarar que non estamos en presenza de ningunha liña de subvencións, non está aberta ningunha liña de subvencións aos sindicatos agrarios, se non que do que estamos a falar é de dous convenios específicos, con dous sindicatos, para a realización dunha programación determinada. E a condición que fala na moción do Partido Popular de, entre comiñas, sindicato representativo, non ten cabida na decisión de asinar os dous convenios que citamos anteriormente.

Nós o que queremos dicir é que para nós resulta rechamante que a petición de axuda para “Xóvenes Agricultores” entre no Rexistro xusto ao día seguinte do acordo plenario no que se aprobou o Expediente de modificación de créditos, xusto ao día seguinte, para facilitar o convenio con “Unións Agrarias” e co sindicato.

Nós o que queremos dicir é que, se o que quere o grupo provincial do Partido Popular, é que exista un mecanismo obxectivo de axudas dirixidas aos sindicatos agrarios, nós o que queremos dicir é que sería moi interesante que esa política se practicase desde a Administración autonómica, xa que é á que realmente lle compete esta responsabilidade, xa que esta non é precisamente a norma que está a utilizar desde hai anos cos tres sindicatos. En todo caso, o que parece é que agora desde a Xunta parece que se pretende abrir un proceso de negociación cos sindicatos para fixar os criterios neste sentido, entón, polo que parece conveniente, pensamos nós neste momento, esperar os resultados. Grazas, Sr. Presidente.

Vótase a moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. secretario

Moción do grupo provincial popular sobre o funcionamento actual da rede provincial de aulas informáticas, esta moción está subscrita polo deputado D. Dositeo Rodríguez.

Sr. presidente

Dime o Sr. secretario mentres se falaba, se presentaba a moción, que non é obrigatorio á hora de facer a orde do día incorporar as mocións, que non é obrigatorio, pero é que se a única forma de control que ten a oposición son as mocións, rogos e preguntas, e resulta que as preguntas non llas deixamos debater, este goberno sería escasamente democrático. Entón, penso que debemos de pór todas as mocións na orde do día, entón como pecamos do mesmo problema nesta moción que na anterior, eu pido por asentimento que se declare a urxencia e que se poida debater.

Declárase a urxencia por unanimidade.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A moción simplemente pretende ser un recordatorio e un pedimento para o mantemento da eficacia das aulas informáticas que a deputación iniciou no ano 2000. Hoxe é unha realidade na Deputación da Coruña, que entendo que é a administración local, a Deputación provincial, quen máis avanzou neste sentido na difusión da sociedade da información. Hoxe hai 93 aulas nos concellos, unha aula en todos e cada un dos concellos da nosa provincia, con máis de 893 postos de informáticos e 72 aulas en asociacións veciñais con 708 postos informáticos, en total estamos a falar de 165 aulas informáticas, con máis de 1.600 postos informáticos.

